

CAPACITADAS: **Formación para o emprego con mulleres privadas de liberdade**

DESCRIPCIÓN

O proxecto comprende actividades de orientación e formación para a integración laboral que xorden das necesidades da poboación feminina reclusa, de cara á súa incorporación ao mercado de traballo:

- Orientación laboral e profesional (Itinerarios personalizados de inserción)
- Capacitación técnica, matriculando ás participantes nun centro externo no curso de Auxiliar de Xeriatría, con certificado homologado, e impartindo clases presenciais.
- Formación transversal, formando ás alumnas na detección e tratamento da violencia de xénero. Clases presenciais

BENEFICIARIAS

12 internas do centro penitenciario da Lama (Pontevedra)


OBXECTIVOS

XERAL: Favorecer a formación integral das reclusas para a súa incorporación sociolaboral no momento da excarceración.

ESPECÍFICOS:

- Dotar ás participantes dos coñecementos teórico-prácticos necesarios para desempeñar un oficio.
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociolaborais das beneficiarias do proxecto para promover a súa integración a través da aprendizaxe das materias específicas.
- Proporcionar ás participantes os coñecementos, habilidades e destrezas precisas para a busca de emprego.
- Dotar ás participantes das habilidades sociais básicas para mellorar a súa autoestima e motivación persoal, e eliminar calquera obstáculo que supoña unha barreira no seu desenvolvemento profesional e persoal pleno.
- Xerar unha rede de apoio, detención e mediación contra a violencia de xénero dentro do centro penitenciario e posteriormente na sociedade, despois do tempo de condena.

ACTIVIDADES



TEMPORALIZACIÓN

O proxecto desenvólvese desde o 1 de xullo ata o 30 de novembro de 2018

A formación é de luns a venres, de 09:00 a 13:00 horas:

- Capacitación técnica: do 1 ata o 29 de outubro. 60 horas presenciais + 60 horas titorizadas a distancia
- Posicionamento ante o emprego: 30 e 31 de outubro. 6 horas
- Prevención da violencia de xénero: do 05 ata o 16 de novembro. 30 horas

RECURSOS HUMANOS

María Rodríguez Lago. Coordinadora do proxecto

Maite Pena Rodríguez. Técnica de Integración Laboral / Experta en Igualdade.

Docente Ocupacional